educo
educar cura

Guía do Mellor Trato

Propostas educativas para profesorado e activistas polo dereito ao bo trato de nenas, nenos e adolescentes

Se tratas coa infancia, fai o mellor trato

Título: Guía do Mellor Trato. Propostas educativas para profesorado e activistas polo dereito ao bo trato de nenas, nenos e adolescentes.

© Educo (2024)

Permítese a reprodución total ou parcial desta obra por calquera medio ou procedemento sempre que se mencione a fonte e se faga sen fins comerciais.

Coordinación: Dirección de Incidencia, Mobilización e Investigación Social

Produción: Gema Luengo, Carolina Gasca, Miriam Torán

Colaboración: Lupe Juárez, Cristina Sancha, Mónica Viqueira, Helena Juanes, Paula San Pedro de Urquiza

Corrección: Judith Escales

Dirección creativa e maquetación: Elena Martí

Ilustracións: Taller M Maggiorini

Fotografías: Archivo de Educo

As fotografías utilizadas neste documento son só ilustrativas e en ningún caso se pode deducir que reflicten o contido.

Para máis información sobre os temas tratados neste documento, póñase en contacto con **educo@educo.org**

Contidos

O bo trato, o primeiro paso para previr a violencia contra a infancia e a adolescencia 5

Cres que dás un bo trato? 8

Anímaste a traballar e a aprender "coa" infancia e a adolescencia? 10

- Educación en valores 10
- Protección: o Arco do Bo Trato 11
- Participación, o reto do traballo colaborativo 12

Facemos un trato? 15

En canto tempo se desenvolve? 15

Proposta de proceso 17

Conclusións e recomendacións 30

Para saber máis 31

Bibliografía 31

Webgrafía 31

Recursos de Educo 31

ACTIVISTA +
BUEN TRATO
= BUENTRATISTA

O bo trato, o primeiro paso para previr a violencia contra a infancia e a adolescencia

As nenas e os nenos son testemuñas de violencia a través dos medios de comunicación, das redes sociais ou desde a súa contorna cotiá. A violencia contra nenas, nenos e adolescentes (a partir de agora, NNA) inclúe accións tan evidentes como o maltrato físico ou o abuso, pero tamén outras que poden ser culturalmente aceptadas, como zarandear, non crer, ridiculizar, insultar ou obrigar a calar de xeito humillante nunha conversa polo feito de ter menos idade. A violencia exercida por persoas adultas, incluso nas súas formas menos evidentes, establece un mal exemplo para os NNA, que posteriormente a normalizan e replican nas súas relacións entre iguais e en diferentes contextos como o escolar.

Para previr a violencia contra a infancia non chega con denunciala. Tamén hai que crear contornas de bo trato, nos que as persoas adultas deamos exemplo. Ao mesmo tempo hai que velar por que se cumpran as leis de protección e traballar para que haxa protocolos claros de actuación. Ademais, tratar ben é ter en conta moitas máis cousas que "falar ben" ou non berrar. Para practicar o bo trato a NNA hai que incorporar mecanismos de escoita empática e promover a participación. Así créanse contornas seguras que son necesarias (e máis eficaces) na prevención das violencias.

Como definen o bo trato as e os adolescentes?

"Eu considero bo trato cando nos tratan con respecto, e dan a entender que están, que entenden o que dicimos, que ten sentido. Que non nos tomen por parvos, que non nos tomen por ilusos, que non nos tomen por inxenuos (...)" .

Grupo focal de adolescentes entre 14 e 17 anos (campaña "O Mellor Trato").

Somos as persoas adultas que temos a responsabilidade ética de promover o bo trato, tal e como se contempla na **Convención dos Dereitos do Neno[1] (CDN)** o en la **ou na Lei Orgánica de Protección Integral á Infancia e á Adolescencia fronte á Violencia (LOPIVI).**

A campaña "O Mellor Trato" baséase nos dereitos da nenez e parte do convencemento de que todas as persoas que tratamos con infancia e adolescencia somos **responsables de xerar espazos de confianza e protección a través do bo trato.** Por iso, convidamos as persoas adultas a chegar a acordos sobre as normas e compromisos canda NNA que deben respectarse mutuamente desde un bo trato e favorecer así o benestar común.

Esta guía está dirixida especialmente ao profesorado. Cremos que a vida no centro educativo é o reflexo da sociedade en xeral e é un espazo onde os NNA pasan moitas horas. O profesorado ten a oportunidade de incidir e sensibilizar sobre a violencia e a necesidade de buscar novas formas de relacionarnos. Pensamos que a comunidade educativa, co seu exemplo e co noso apoio, pode dar visibilidade ao seu traballo e que este, ao mesmo tempo, ten un potencial efecto multiplicador na sociedade para influír na modificación de patróns de conduta e valores.

Podedes sumarvos ás accións propostas na campaña a través da web www.elmejortrato.es. E coñecer mellor o noso marco teórico e oír as voces de NNA que nos contaron que é para eles e elas o bo trato á infancia e á adolescencia.

[1] Referímonos aos Dereitos do Neno, da versión oficial das Nacións Unidas (existe unha tradución oficial en castelán). Na tradución ao castelán, só se usa a palabra masculina. Para evitalo, usaremos a palabra "nenez" para englobar as nenas e os nenos.

Cres que dás un bo trato?

Pensaches algunha vez que o bo trato ao alumnado está relacionado coa forma de deseñar os espazos da aula? Ou coa organización dos tempos de descanso? Ou co ton de voz que empregas?

Algunhas vez un alumno ou alumna se dirixiu a ti para contarche algo que pasou e restácheslle importancia? Ou ningún se dirixiu a ti e non pensaches que se cadra é que teñen medo ou falta de confianza para compartir unha inquietude?

Deseñas as actividades que cres que son interesantes para eles e elas directamente? Ou preguntas e escoitas cales son as súas ideas, inquietudes, necesidades etc.?

Se estas cuestións te fixeron reflexionar, esta guía pódeche axudar a dar o paso. A continuación, presentámosche unha proposta metodolóxica que trata de axudar a crear ambientes de bo trato nos centros educativos. Desde Educo pensamos que a educación protexe e sabemos da importancia do exemplo desde a práctica nos centros educativos. Por iso apoiamos e formamos para a integración dos estándares internacionais de protección nfantil organizacional a través da metodoloxía PROTEGEmos, ou para levar a cabo procesos de participación infantil, como a campaña "Activa a escoita". A campaña "O Mellor Trato" combina a nosa experiencia e coñecemento destas dúas liñas de traballo para lanzar **unha proposta de construción de ambientes de confianza, protección, participación e bo trato á infancia e á adolescencia.**

Propoñemos ao profesorado e ao alumnado de centros educativos que queren xerar ambientes de bo trato que sexan "activistas polo bo trato". É dicir, convidámolos a implicarse en crear novas relacións de convivencia baseadas no respecto mutuo e na escoita activa. Todo isto a través dunha metodoloxía que permita: coñecerse mellor; promover o espírito crítico e a aprendizaxe colectiva; diagnosticar o ambiente; dialogar sobre as situacións vividas; buscar solucións para mellorar, transformar e convidar o seu ambiente a sumarse a esta causa. Lanzamos **unha proposta baseada nunha metodoloxía participativa e no marco teórico do "Arco do Bo Trato de Educo"[2],** que inclúen propostas de mellora en catro eixes de traballo —o espazo e o tempo, a comunicación e a linguaxe, as emocións e o autocoidado, e as relacións persoais e a convivencia—, para que sexa aplicada en centros educativos que desde aí contaxien á súa contorna comunitaria a semente dunha cultura de paz hoxe tan necesaria.

2 Arco do Bo Trato de Educo 2. A metodoloxía Arco do Bo Trato foi desenvolvida en 2021 para o Comité de protección de Educo por María Carme Boqué Torremorell no documento Aquí bo trato..

Activistas polos dereitos, activistas polo bo trato.

Nos últimos anos, mobilizáronse NNA por diversas causas como, por exemplo, o cambio climático ou as guerras. A idade non é un obstáculo para facer cousas importantes que favorezan outras persoas. **O activismo infantil pódese definir como un movemento polo que NNA son activos en campañas a favor de cambios, xeralmente en cuestións políticas, sociais ou medioambientais**. O activismo é importante para dar visibilidade a un problema e concienciar sobre un determinado asunto. Ademais, é un exercicio de cidadanía activa.

Desde Educo **cremos nas capacidades de NNA para provocar cambios sociais**, como conseguir ambientes libres de violencia a través da promoción dunha cultura de bo trato en espazos cotiás. **Animámoste a acompañar NNA nesta tarefa.** E, para facilitala, convidámoste a coñecer a nosa Guía para mocidade activista, para apoiar campañas e accións en defensa dos dereitos da nenez protagonizadas polos NNA. E tamén podes formar parte directa da nosa campaña O Mellor Trato sendo activista *Botratista*.

Que significa ser Botratista? Dise da persoa que fai do bo trato á infancia e adolescencia un xeito de activismo aplicando de forma consciente e cotiá a empatía, a escoita activa o respecto como maneira natural de tratar con nenos, nenas e adolescentes.

Cremos que a proposta pedagóxica que ofrecemos pode ser un **recurso interesante e útil para a persoa coordinadora de Bo Trato e Benestar.** Por este motivo, convidamos a que se promova e se implique no acompañamento a profesorado e alumnado nas accións promotoras do bo trato no centro educativo. **Tamén sabemos que o traballo comunitario é moi importante. Una persoa soa non pode levar a cabo un proceso de transformación social cara a unha contorna libre de violencia.** Precisa o apoio de toda a comunidade educativa e a súa contorna. Equipos directivos, profesorado, persoal non docente, familias, entidades, institucións da contorna e, sobre todo, o alumnado poden e deben colaborar, asumir responsabilidades e ser protagonistas do cambio. Esperamos que esta proposta entusiasme a comunidade educativa tanto como ao equipo de Educo que a leva a cabo.

Sobre a persoa coordinadora de Benestar e Protección

Un dos avances máis relevantes da LOPIVI é a introdución, no artigo 35, da figura do coordinador/a de Benestar e Protección, xa recollida na LOMLOE. Esta figura segue a tradición doutros sistemas educativos, como o británico, onde existe o perfil profesional de salvagarda (safeguarding). O obxectivo deste novo rol é velar pola protección de todo o alumnado e protexer os seus dereitos en todos os espazos, físicos e virtuais. Para realizar a súa tarefa é imprescindible a colaboración de toda a comunidade educativa, sen esquecer a participación activa da infancia e a adolescencia, que precisa formarse e ter coñecementos sobre os seus propios dereitos, canles para que se escoite a súa voz e actividades que fomenten as súas capacidades de comunicación. Ver informe de **Educo (2023b).**

Anímaste a traballar e a aprender "coa" infancia e a adolescencia?

A continuación, te presentamos una propuesta metodológica que combina educación, protección y participación para que NNA también sean protagonistas del proceso de cambio.

Educación en valores

Convidamos as persoas adultas que acompañan e interactúan con NNA a practicar unha educación en valores baseada en orientar o alumnado para adquirir competencias, estratexias e ferramentas para xerar bo trato nas relacións, desde o exemplo na mesma relación interxeracional. Xeralmente pártese de instruír as condutas negativas que se deben evitar, entre elas, unha longa lista de accións desapropiadas, prohibidas ou castigadas. Desde Educo propoñemos traballar desde o positivo, coa "ética en acción" e non desde a súa teoría, e co traballo desde a práctica "cos NNA" e non "para os NNA".

NNA deben sentir, saber, experimentar que teñen capacidades e oportunidades para construír relacións positivas e que estas poden influír no ambiente e transformalo. É necesario promover o enfoque de dereitos fundamentado na CDN e que contribúa ao desenvolvemento integral desde os compoñentes físico, psicolóxico, emocional, social e espiritual. Neste proceso é importante valorar os coñecementos e experiencias de NNA como fío condutor e reflexo dos seus intereses, motivacións e inquedanzas. Tamén se convida a evitar a sobreprotección e o abuso de poder das persoas adultas que reproducen condutas automatizadas nas relacións co alumnado.

Para o coidado dos valores:

- Dar a coñecer e ofrecer referentes claros e coherentes coa CDN.
- Dar visibilidade e avaliar como se desenvolven na práctica cotiá da comunidade educativa valores de: respecto, escoita, diálogo, cordialidade, xenerosidade, igualdade, tolerancia, democracia, liberdade, compaixón, solidariedade, esperanza, paz e xustiza.
- Contextualizar o bo trato na realidade de cada NNA e procurar dar un trato personalizado.
- Dar recoñecemento e valor ás experiencias e coñecementos dos NNA, mentres se destaca a súa participación.
- Recoñecer os prexuízos e formas de poder que temos as persoas pola nosa idade, xénero, posición social, etc.
- Mostrar apertura ao cambio persoal, colectivo e institucional.

Protección: o Arco do Bo Trato

A vulnerabilidade dos NNA esixe a prevención de riscos e a actuación fronte a calquera tipo de violencia exercida contra eles e elas. Desde Educo cremos que é importante establecer protocolos claros que conteñan as estratexias de detección, comunicación, actuación e intervención rápida e eficaz (como as diversas ferramentas que se ofrecen desde o programa PROTEGEmos).

Ademais da prevención do que non queremos que suceda, é complementaria e importante unha mirada proactiva que promova o que si cremos que debería suceder para promover a protección da infancia e a adolescencia a través dunha convivencia positiva. Para iso, propoñemos unha práctica sistemática da cultura do bo trato, mediante a revisión de sete principios que deben practicarse de forma honesta e non utilizarse para alcanzar outros fins manipuladores coa infancia e adolescencia. Estes sete principios conforman o denominado "Arco do Bo Trato": os espazos, os tempos, as linguaxes, as emocións, a convivencia, o autocoidado e os valores. Nesta proposta pedagóxica, propoñemos que o principio dos valores sexa un eixe transversal e aglutinamos o resto para traballar de forma práctica os sete principios en catro eixes de traballo.

Eixes de traballo do Arco do Bo Trato:



1. **Espazo e tempo:** coidado da contorna física (para que sexa accesible, polivalente, naturalizada, limpa, estimulante, sostible, apta para a experimentación, creatividade e xogo); e promoción da variedade e da riqueza de tempos (para a actividade e o descanso, individual e grupal, estruturado ou libre, de movemento e de calma etc.).
2. **Linguaxe e comunicación:** emprego dunha linguaxe afectiva e efectiva (non violenta, asertiva, cordial, con escoita empática, accesible e con dereito á información).
3. **Emocións e autocoidado**: cultivando un bo clima emocional (empatía, confort, afecto, calidez, alegría, bo humor, benestar, felicidade); e promovendo estratexias de autocoidado coa adquisición de habilidades para o propio coidado e a resiliencia.
4. **Relacións persoais e convivencia positiva:** establecemento de vínculos interpersoais construtivos, acollida, apoio, pertenza, coidado mutuo, proximidade, xestión pacífica de conflitos, consenso, reparación de danos, perdón e reconciliación, normas democráticas e participación.

Participación, o reto do traballo colaborativo

Desde Educo apostamos pola participación protagónica da infancia. Dispoñemos dunha Política de Participación da Nenez e contamos coa experiencia da campaña "Activa a escoita", que xorde da proposta dos propios NNA que expresaban que, para solucionar os problemas de violencia exercida contra a infancia, é importante escoitalos, crelos e contar con eles e elas na solución dos problemas.

Para promover a escoita activa a NNApropoñemos levar a cabo procesos participativos desde un enfoque de dereitos, como se recolle en diversos artigos da CDN, especialmente no artigo 12 en relación co dereito da nenez a ser escoitada e considerada nas cuestións que lle afectan.**Nun contexto educativo, a participación e a práctica democrática non se aprenden nun texto ou coa exposición de contidos do profesorado, senón que se exercen desde un espazo real de participación.** Para fomentar o bo trato de forma participativa é necesario aprender a respectar os demais e o ben común, a relacionarse, a valorar distintas opinións, a chegar a consensos, a comprometerse, a ter responsabilidades e a resolver conflitos de xeito pacífico. Para iso é importante o desenvolvemento de habilidades

como a escoita activa,a toma de conciencia social, as habilidades do diálogo e da comunicación asertiva, ademais de ter en conta de forma empática e solidaria as capacidades de cada persoa. **É un reto non só para os NNA, senón tamén para as persoas adultas. As actitudes e competencias deberán cultivarse por ambas partes desde a reflexión e a práctica na relación interxeracional, evitando os adultismos** (comportamentos cos que as persoas exercen poder sobre outras de menos idade a través de comentarios, actitudes, accións etc.).

Fases do proceso de participación:

- **Organizarse: recomendamos comezar cunha fase de información e organización dos grupos motores**. É dicir, grupos formados por alumnado acompañado de persoas adultas (profesorado e incluso familias ou persoal non docente) cuxo obxectivo é deseñar accións para transformar e mellorar unha situación de partida, neste caso garantir o bo trato no ambiente escolar. Este grupo será o que tome decisións e deseñe a ruta específica de accións que se van desenvolver na súa comunidade educativa. O alumnado pode ser un grupo-aula, un grupo de "alumnado mediador", unha xunta de delegados/as, un grupo de voluntariado ou "alumnado axudante" etc.
- **Coñecer e investigar:** propoñermos desenvolver actividades de diagnóstico da situación de partida do bo trato no ambiente escolar a partir dunha consulta ao alumnado sobre os eixes de traballo baseados no Arco do Bo Trato.
- **Reflexionar e dialogar:** a partir do traballo de diagnóstico propoñemos levar a cabo actividades de diálogo para a análise dos resultados, así como unha chuvia de ideas de posibles propostas de mellora e transformación.
- **Planificar e transformar:** a partir das ideas da fase anterior, anímase a organizar un plan de acción que priorice propostas e inclúa unha planificación de posibles accións, detecte necesidades para que saia adiante, se asuman responsabilidades e compromisos persoais e grupais para levalas a cabo etc.
- **Avaliar e aprender:** durante todo o proceso convídase a avaliar e aprender de posibles erros.
- **Comunicar, celebrar e recoñecer:** para que o bo trato sexa contaxioso é preciso que se difundan as accións, aprendizaxes, que se contaxie a alegría do conseguido a través da celebración e que se recoñeza o traballo realizado.



Facemos un trato?

A continuación, presentámosche un proceso de traballo para que persoas adultas e NNA poidan traballar colaborativamente polo bo trato na súa contorna educativa.

A quen vai dirixido?

A comunidades educativas:

- alumnado de 11 a 17 anos, acompañado do seu profesorado (e incluso familias ou persoas non docente).

A proposta é crear un grupo motor:

- que pode ser un grupo-aula, ou alumnado de diferentes cursos ou aulas ("alumnado mediador", unha xunta de delegados/as, un grupo de voluntariado ou "alumnado axudante" etc.) que dispoñan de tempos de organización para realizar encontros e actividades.

En canto tempo se desenvolve?

- Anímase a traballar, polo menos, durante un curso escolar. Non se trata dunha actividade puntual. Para realizar cambios significativos, coa participación do alumnado, hai que desenvolver un proceso de mellora e de cambio a partir da investigación e da acción.
- A proposta pódese desenvolver en seis sesións de traballo colectivo co grupo motor, con tarefas intermedias. Pódense organizar comisións de traballo para repartir tarefas e responsabilidades e realizaranse actividades para o resto do centro educativo.

o bo trato é moito máis que non tratar mal

O bo trato é o primeiro paso da protección integral. É o paso necesario para crear espazos de confianza e protectores.

O bo trato débese construír e manter ata convertelo nun hábito activo, natural e consciente.

O bo trato vai máis aló da eliminación de condutas desapropiadas ou violentas.

O bo trato crea un clima cordial e de seguridade nas comunidades onde nenos, nenas e adolescentes poden gozar das condicións necesarias para o exercicio dos seus dereitos.

6 sesións dun proceso colectivo para que persoas adultas, nenos, nenas e adolescentes traballen polo bo trato en su entorno educativo

1

ORGANIZARSE
Crear un grupo motor que lidere o proceso de cambio no centro educativo e estableza os acordos básicos para o seu funcionamento.

2

COÑECER-INVESTIGAR
Realizar un diagnóstico participativo a través dunha consulta sobre o Arco do Bo Trato.

3

REFLEXIONAR E DIALOGAR
Organizar un encontro no que compartir os resultados promovendo un diálogo igualitario.

4

PLANIFICAR E TRANSFORMAR
Crear unha axenda de traballo coas posibles propostas de acción.

5

AVALIAR E APRENDER
Realizar tarefas de observación e valoración durante o proceso e ao final.

6

COMUNICAR, CELEBRAR Y RECOÑECER
Contar o aprendido e conseguido, e valorar unha apertura ao exterior sendo un altofalante que convide outras persoas a practicar o bo trato.

Proposta de proceso

1ª sesión

Organizarse: quiénes somos y qué vamos a trabajar?

Propoñemos crear un **grupo motor que lidere o proceso de cambio no centro.** Estará formado por alumnado, profesorado e incluso outras persoas da comunidade educativa (persoal non docente, familias etc.). **Propoñemos que a persoa coordinadora de Protección e Benestar do centro se implique de forma activa.** Nas primeiras reunións, o grupo motor pode compartir información da proposta, realizar algunha dinámica de presentación (romper o xeo, compartir expectativas de por que se está no grupo, de xeito que se xere algo de proximidade e confianza no grupo) ou compartir algunha lectura e debater as seguintes cuestións:

- Que entendemos por violencia? Que entendemos por bo trato?
- As persoas adultas saben escoitar e protexer a infancia?
- Pensamos que os nenos, nenas e adolescentes coñecen os seus dereitos e as leis que os protexen? Como podemos promover o seu coñecemento na comunidade educativa?
- Que tema da proposta do Arco do Bo Trato imos traballar?
- Quen participamos?, cando participamos?, como queremos participar?
- Cales son os principais acordos para o funcionamento do grupo motor?

Recursos:

- Vídeos informativos e motivadores da campaña "O Mellor Trato" de Educo.
- A Convención dos Dereitos de Infancia para nenos, nenas e adolescentes. Edita: Plataforma de Infancia. Esta web contén guías adaptadas a diferentes idades.
- Guía didáctica para traballar con adolescentes de 13 a 17 anos sobre a lei orgánica de protección integral á infancia e á adolescencia fronte à violencia (LOPIVI). Edita: Plataforma de Infancia. Con proposta de actividades para definir a violencia e coñecer a LOPIVI.
- Recursos Programa Programa PROTEGEmos: Ferramentas para dar os primeiros pasos na creación de ambientes protectores e de bo trato. Actividades para reflexionar sobre a violencia
- Recursos da campaña "Activa la escoita" con exemplos de dinámicas: Guía Activa a escoita y Kit Activa a escoita.

2ª sesión

Coñecer e investigar: como estamos?

Propoñemos organizar un diagnóstico participativo con estas premisas:

- O **alumnado do centro educativo** contestará e participará.
- Proponse realizar un **cuestionario** baseado nos catro eixes propostos para abarcar o Arco do Bo Trato. Pódese escoller un ou varios eixes e en cada un seleccionar algunhas cuestións e adaptar en función do contexto do centro escolar (vocabulario, denominacións específicas etc.) Tamén se poden deseñar outras cuestións que xurdan das reflexións do grupo motor sobre como debería ser o bo trato en cada eixe de traballo. Así, poderanse engadir cuestións novas, contextualizar as que se propoñen, escoller as máis significativas etc.
- En cada unha das preguntas pódense **ofrecer catro opcións:** o SÍ o NON o ÁS VECES ou NON SEI.
- O grupo motor pode deseñar unha consulta ao alumnado **adaptada a diversos formatos:** a través dunha **enquisa directa** para determinadas aulas ou pasar ao formato **en liña** coa axuda dunha aplicación dixital (Google Forms, SurveyMonkey, Microsoft Form etc.). Tamén se poden realizar entrevistas a determinadas persoas ou incluso **crear paneis interactivos nun espazo común** onde as persoas vaian votando con gomets..
- O diagnóstico pode ir acompañado de fotos, materiais etc. e espazos para poder **engadir explicacións ou información cualitativa**.
- Pódense idear estratexias para **diferenciar as persoas que contestan en función do seu xénero ou diversidade** para coñecer mellor a realidade que afecta a diferentes persoas.

A continuación, compártese unha proposta de cuestións de diagnóstico sobre o Arco do Bo Trato.

Os 4 eixes do Arco do Bo Trato

1

ESPAZO E TEMPO

O deseño de espazos físicos confortables e libres de perigos, sostibles, que favorezan a personalización e adaptados á diversidade. O tempo debe respectar o individual e o grupal, fomentar a actividade pero tamén o descanso, o movemento e a calma.

2

LINGUAXE E COMUNICACIÓN

O uso dunha linguaxe afectiva, non violenta e cordial que incorpore a escoita activa e empática.

4

EMOCIÓNS E AUTOCOIDADO

O cultivo dun clima emocional san que permita adquirir habilidades para o propio coidado.

3

RELACIÓNS PERSOAIS E CONVIVENCIA

A creación de vínculos interpersoais construtivos, de coidado mutuo, colaborativos e de xestión pacífica de conflitos.

Como estamos no espazo e no tempo

- ☐ Consultáronche como organizar algúns espazos compartidos no centro educativo.
- ☐ Coñeces e parécenche adecuados os espazos de benvida e para organizar reunións ou encontros.
- ☐ Implicácheste na decoración, rotulación de espazos e exposición de traballos nos espazos comúns.
- ☐ Cres que o ambiente do centro educativo é acolledor (luz, ventilación, temperatura, elementos naturais, cores, mobiliario etc.).
- ☐ Pensas que hai espazos interesantes para aprender e realizar actividades no centro escolar.
- ☐ Cres que no centro educativo hai recunchos para a intimidade e a relaxación.
- ☐ Pensas que os materiais utilizados no centro son interesantes e variados, están en bo estado e adoitan ser ecolóxicos.
- ☐ Dispós de espazos para gardar as túas pertenzas persoais (armarios, caixóns, perchas etc.).
- ☐ Coñeces os espazos para satisfacer necesidades (comida, auga).
- ☐ Cres que o centro educativo é adecuado e accesible para persoas con discapacidade.
- ☐ Coñeces distintos espazos no centro educativo, tanto interiores como exteriores, para realizar actividade física e exploración da contorna.
- ☐ Os percorridos e os espazos do centro están sinalizados para que saibas desprazarse sen axuda dentro do centro escolar.
- ☐ Hai persoas adultas presentes e dispoñibles para apoiarte cando o precisas.
- ☐ Dispós de acceso a espazos virtuais e uso de equipos informáticos.
- ☐ Percibes como seguros e adecuados os espazos externos en conexión co centro educativo (espazos urbanos de ocio, camiños escolares á casa ou a actividades extraescolares).
- ☐ No centro educativo existe algún compromiso específico co medio ambiente, con medidas de sustentabilidade e respecto á natureza.
- ☐ Coñeces os calendarios de uso do tempo, para entender as actividades que se van realizar, os tempos e os momentos de descanso.
- ☐ Cres que se coidan e cumpren os horarios de inicio e peche de cada clase ou actividade.
- ☐ Distribúese ben o tempo para que non se fagan pesadas as clases a través de actividades de diferentes tipos, entre eles o xogo e o tempo libre.
- ☐ As actividades que poden ser máis difíciles ou complexas realízanse de xeito atractivo e con diferentes formas de resolvelas.
- ☐ Tes posibilidade de organizar parte do teu tempo.
- ☐ Tes tempo para non facer nada ou descansar

Como estamos na linguaxe e na comunicación

- ☐ Entendes as persoas adultas do centro educativo cando se dirixen a ti porque usan unha linguaxe amigable, clara e entendible.
- ☐ Cres que o alumnado con discapacidade sabe e pode acceder á información de forma fácil, pola súa conta e sen axuda dunha persoa adulta.
- ☐ Hai diversas formas de comunicar no centro (por escrito, con carteis visuais, con información verbal, elementos plásticos, con tradución a diversos idiomas ou linguaxes cando é necesario).
- ☐ Sentes que tes información sobre todas as cuestións que che afectan.
- ☐ As persoas adultas atenden as túas posibles dúbidas con escoita activa, respecto, interese e empatía.
- ☐ Sentes que as persoas adultas se dirixen a ti sempre de xeito afectivo e non violento.
- ☐ Existen no centro espazos, como o recuncho ou banco da escoita, para que calquera persoa que o precise poida sentar e ser escoitada.
- ☐ Lévanse a cabo actividades para dialogar en círculo de xeito democrático e sen exclusión de ningunha persoa.
- ☐ Respéctanse os silencios das persoas que non queren falar.
- ☐ Nunca te obrigan a falar sobre temas privados ou que che poidan causar dano emocional.
- ☐ Cres que se protexen os teus datos e se mantén en todo momento a confidencialidade das cousas que che pasan.
- ☐ Cres que se vela polo uso seguro e fiable das tecnoloxías como canle de comunicación.
- ☐ Pensas que o profesorado responde con rapidez se unha nena, neno ou adolescente do centro manifesta un abuso ou maltrato.

Como estamos nas emocións e no autocoidado

- ☐ As persoas adultas conectan contigo e axúdante de xeito amable a expresar sentimentos e emocións cando o precisas.
- ☐ Sentes que o profesorado se preocupa por ti.
- ☐ Sentes que o profesorado te entende e se pon no teu lugar, con empatía.
- ☐ Na clase fálase de emocións e sentimentos. Isto axúdache a reflexionar e tomar decisións.
- ☐ Cres que as persoas adultas saben regular as súas emocións e mostrar equilibrio e tranquilidade en calquera circunstancia de estrés.
- ☐ No centro hai vínculos afectivos sans entre profesorado e alumnado que fan que sintas confianza e seguridade.
- ☐ Pensas que as persoas adultas prestas atención e se preocupan ante calquera sinal de malestar do alumnado.
- ☐ Cres que se desenvolven actividades para traballar a propia imaxe sexual.
- ☐ Pensas que se desenvolven actividades para coñecer a orixe cultural, social ou a diversidade de capacidades do alumnado.
- ☐ Evítase ou corríxese calquera linguaxe e situación que prexudique ou moleste a unha persoa.
- ☐ O profesorado fomenta e apoia a túa autonomía e iniciativa persoal.
- ☐ Sentes o apoio incondicional do profesorado.
- ☐ Sentes que o profesorado te trata sen paternalismo (é dicir, non toma decisións por ti).
- ☐ Cres que o profesorado defende os dereitos da nenez.
- ☐ Pensas que o profesorado convida o alumnado a traballar polo seu benestar con actividades interesantes.
- ☐ O profesorado acompáñate e ensínache a autoprotexerte de posibles perigos.
- ☐ Hai persoas adultas no centro que ensinan ao alumnado estratexias de autocontrol.

Como estamos nas relacións persoais e na convivencia

- ☐ Pensas que o profesorado realiza actividades específicas para crear vínculos afectivos e de amizade entre o alumnado.
- ☐ Coñeces as normas de convivencia do centro educativo.
- ☐ Participaches na elaboración de algunha norma de convivencia do centro educativo.
- ☐ Pensas que no centro educativo hai un clima amable e acolledor baseado no respecto.
- ☐ Participaches en actividades para practicar habilidades sociais.
- ☐ Sénteste integrado/a entre os teus compañeiros e compañeiras da aula.
- ☐ Cres que se atende o alumnado con diferentes capacidades e necesidades.
- ☐ Sénteste responsable do bo funcionamento do centro educativo.
- ☐ Participaches en asembleas, círculos da palabra ou grupos de mediación para axudar a resolver un conflito no centro.
- ☐ Sentes que as persoas adultas exercen a súa autoridade con afecto e coidado ao alumnado.
- ☐ Sentes que te podes reunir con outros compañeiros e compañeiras cando precisades falar ou resolver algunha cuestión sen compañía de persoas adultas.
- ☐ Sénteste feliz no centro educativo.

Unha chamada de atención

Xénero, diversidade e medio ambiente. Para ter en conta transversalmente en todos os eixes do Arco do Bo Trato:

Ao realizar o diagnóstico participativo non podemos esquecer anotar as características das persoas que responden o cuestionario para analizar tendencias e ver **se os rapaces pensan igual que as rapazas** (pode que teñan distintas necesidades ou visión das situacións vividas). Tamén podemos **atender as diferentes diversidades (de capacidades, culturais, lingüísticas, étnicas, de orixe migrante etc.)** ao saber que opinan de xeito específico e diferenciado.

Posteriormente, no momento de realizar propostas de acción, tamén debemos ter en conta as necesidades de atender o xénero e a diversidade das persoas da comunidade. Ademais, as propostas teñen que ser respectuosas co medio ambiente (non utilizar demasiados recursos, reciclar e reutilizar materiais na medida do posible, non contaminar etc.).

3ª sesión

Reflexionar e dialogar: que queremos conseguir?



Despois de obter os resultados do diagnóstico, pódese organizar un encontro ou asemblea para compartilos e promover o diálogo igualitario á hora de interpretar os datos e pensar en propostas de acción.

Pódense **compartir presentacións cos resultados dos cuestionarios, por exemplo, carteis interactivos, resultados en liña (sistematizados polo propio programa utilizado) ou os resultados traballados polo grupo coa axuda do profesorado a través de gráficos.**

Algunhas preguntas motivadoras para a reflexión e o diálogo a partir dos resultados poden ser:

- Que vos chama a atención dos datos recollidos? Cales vos parecen resultados positivos e cales negativos?
- Credes que pensan igual os rapaces e as
- rapazas? E os rapaces e rapazas de distintas idades?
- Cal pode ser o problema ou aspecto por mellorar segundo os datos?
- Que acción se vos ocorre para sensibilizar sobre este problema e contribuír á posible mellora dos resultados nesa pregunta?

A partir dos resultados reflexiónase. Pódense **analizar posibles causas, pensar en propostas, darlles prioridade ás máis urxentes ou fáciles de**

realizar, escoller un propósito ou obxectivo, un indicador, medible para despois poder avaliar se se consegue etc. As propostas e ideas pódense obter do mesmo cuestionario ao poñer en positivo as cuestións que formula.

Pódense compartir todas as reflexións nun gran mural no encerado. Por exemplo, a través de post-its que se poden clasificar segundo se consideren resultados positivos ou negativos. Tamén se poden utilizar técnicas de *visual thinking* que axuden a organizar ideas, causas, consecuencias, propostas etc.

Destas reflexións pode xurdir unha r**eflexión final de que cousas pensamos que se lles pode dar prioridade para promover o bo trato e as ideas concretas para conseguilo**. Ademais, pódense presentar publicamente os resultados dos cuestionarios e valorar de que maneira poder facer participativa a decisión de que a aspectos se lles dará prioridade para poñerse mans á obra, para que a decisión non parta só do grupo motor.

Recursos:

- Kit Activa a escoita (Ficha 17. Mapa para planificar os cambios). Material da campaña "Activa a escoita", de Educo.
- Libro Visual Thinking: Como aproveitar a colaboración visual para empoderar persoas e organizacións, de Willemien Brand (2023) Editorial GG, SL.

4ª sesión

Planificar e transformar: que facemos?

Cunha visión compartida da situación de partida e as posibles propostas xa podemos poñernos **mans á obra.** A partir das ideas concretas que xurdiron pódese crear unha **axenda** de traballo para poñer en marcha accións no centro educativo e contorna comunitaria. Se as propostas están relacionadas con poñer en marcha unha campaña de sensibilización ou mobilización, podemos consultar a Guía para a mocidade activista de Educo, que contén unha morea de ideas.

Recursos:

- Kit Activa a escoita (táboa de planificación de accións, Ficha 6). Material da campaña "Activa a escoita", de Educo.
- Guía para mocidade activista.Material da campaña "Activa a escoita", de Educo.

5ª sesión

Avaliar e aprender: que conseguimos?

Ao longo do proceso pódense realizar t**arefas de observación e valoración**. Despois de desenvolverse as accións, animamos a avaliación do proceso en grupo. Por exemplo, a través das seguintes preguntas:

- En que grao se conseguiu o propósito?
- Que aprendemos?
- Que podemos mellorar?
- Como nos sentimos?
- Cales foron os logros e os obstáculos superados?

Recursos:

- Kit Activa a escoita (táboa de observación para asembleas e reunións, Ficha 19). Material da campaña "Activa a escoita", de Educo.

6ª sesión

Comunicar, celebrar e recoñecer: como llo contamos ao mundo?

Se o grupo conta con esa posibilidade, tamén se pode **valorar unha apertura ao exterior** a través destas preguntas:

- Con todo o que conseguimos e aprendemos, poderiamos ser axentes de cambio?
- A quen llelo poderiamos contar? Cando?
- Como podemos comunicar? (Exemplos. Ver Guía para mocidade activista).
- Queremos organizar unha xornada para celebrar, compartir resultados, aprendizaxes, novos retos ou lanzar propostas para que se sumen outras persoas a practicar o bo trato? Como poderiamos organizala?

Animámosvos a que nos contedes o que fixestes, aprendestes, conseguistes. **Desde Educo podemos ser un altofalante para que se recoñeza todo o voso traballo.** Podedes contarnos a vosa experiencia enviando un correo a elmejortrato@educo.org

Recursos:

- Material da campaña "Activa a escoita", de Educo.
- Guía para mocidade activista

Conclusións e recomendacións

1. **O BO TRATO É COUSA DE TODOS E TODAS**

2. Recordade que é unha proposta baseada nos **dereitos da infancia.**

3. Neste proceso **animamos a dar "o mellor trato" entre todas as partes** para conseguir un centro educativo onde impere o bo trato. As persoas adultas acompañamos, compartimos e aprendemos tamén cos rapaces e coas rapazas.

4. Desde Educo pensamos que **o bo trato é contaxioso**. Se comezamos por practicalo coas persoas que temos ao redor, independentemente da súa idade, xénero, diversidade, condición etc. estas, ao mesmo tempo, terán **modelos de referencia** para amplificar a onda expansiva do bo trato desde o centro educativo á contorna e á sociedade en xeral.

Recomendamos que:

Non vos desanimedes na vosa tarefa.

Vos poñades retos e obxectivos sinxelos para empezar.

Comuniquedes todos os vosos avances, resultados, aprendizaxes.

Contedes co equipo técnico de Educo para acompañarvos.
Podédesnos escribir a: elmejortrato@educo.org

Para saber máis

Bibliografía

- Educo (2023a). Claves para mellorar a escoita activa en centros educativos. Resultados do Test da Escoita feito no programa Activa a escoita 2022.
- Educo (2023b). Coordinador/a de Benestar e Protección: balance do primeiro ano. Propostas para reforzar unha figura clave contra a violencia cara a infancia
- UNICEF (2018). Glosario sobre non violencia, paz e bo trato (para os centros educativos)

Webgrafía

- Nacións Unidas. Convención dos Dereitos do Neno.
- Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia (LOPIVI)
- Estratexia de Erradicación da Violencia sobre a Infancia e a Adolescencia (EEVIA)

Recursos de Educo

- Política de Protección e Bo Trato de Educo
- Programa PROTEGEmos
- Campaña "Activa a escoita"
- Campaña "O Mellor Trato"

Somos Educo, unha ONG que traballa en máis de 18 países polo benestar e os dereitos da infancia, en especial o dereito a recibir unha educación de calidade.

Estamos ao lado de nenos e nenas de todo o mundo, especialmente dos que viven en situación de vulnerabilidade, pobreza ou falta de oportunidades. Pase o que pase, nada nos para: ante calquera crise, conflito armado ou emerxencia, a educación non pode parar.
Porque a educación é urxente: cura, empodera e protexe.

educo.org educo_ong educoONG Educo_ONG

educo
educar cura